



## Concello A Guarda

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 5 DE FEBREIRO DE 2018.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día cinco de febreiro de dous mil dezaoto, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

**D. Miguel A. Español Otero**  
**D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**  
**D. Manuel Javier Crespo González**  
**D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**  
**D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (SESIÓN ORDINARIA DE 22.01.2018).**

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 22 de xaneiro de 2018 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos seus membros presentes.

### **PUNTO 2.- Expediente 234/2018. SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN PARA PARA A ADAPTACIÓN DE 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, DENTRO DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO 0264-ESTRAEE “ESTRATEGIA SOSTIBLE TRANSFRONTEIRIZA PARA A XESTIÓN DOS RAEE”**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vistas as bases subvención en especie para a adaptación de 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra, dentro das actividades do proxecto 0264-ESTRAEE “Estrategia sostible transfronteiriza para a xestión dos RAEE”, cofinanciado nun 75% polo FEDER través da primeira convocatoria do POCTEP 2014-2020 (INTERREG V-A POCTEP)

BOP nº 248 do 29 de decembro de 2017

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- A probar a memoria explicativa da xestión dos RAEE no concello da Guarda.
- Solicitar esta subvención en especie para a adaptación do punto limpo para a xestión dos RAEE.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.



## Concello A Guarda

---

**PUNTO 3.- EXPEDIENTE 187/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS MUNICIPAIS, DESTINADOS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2018.**

---

### **PROPOSTA DE ALCALDIA**

Vista a orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.

DOG nº5 do 8 de xaneiro de 2018

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Solicitar unha subvención ó abeiro desta Orde para o proxecto denominado: " Renovación pavimentado rúa Jose Antonio Lomba Camiña" cun orzamento de 60.436,72 € (IVE incluído).
- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

**PUNTO 4.- EXPEDIENTE 225/2018.- SOLICITUDE DE AXUDA Ó ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019**

---

### **PROPOSTA DE ALCALDIA**

Vista a Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

DOG nº10 do 15 de xaneiro de 2018

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Solicitar á participación neste Plan de mellora de camiños.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.



## Concello A Guarda

---

### **PUNTO 5.- EXPEDIENTE 272/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL**

---

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vista a orde do 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

DOG nº9 do 12 de xaneiro de 2018

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Solicitar unha subvención ó abeiro desta Orde para as obras de "REPOSICIÓN DO COLECTOR DE FECAIS NO CAMIÑO PES DE LIÑARES" cun orzamento de 40.035,09€.
2. Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 6.- EXPEDIENTE 227/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTOS NON PRODUTIVOS VINCULADOS Á REALIZACIÓN DE OBXECTIVOS AGROAMBIENTAIS A CLIMÁTICOS EN CONCELLOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA 2000, COFINANCIADAS CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 201-2020**

---

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vista a Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais a climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 201-2020

DOG nº10 do 15 de xaneiro de 2018

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Solicitar a subvención regulada nesta orde para o proxecto de "MELLORA ACCESEIBILIDADE Á PRAIA DO MUIÑO"
- E a disposición dos terreos

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.



## Concello A Guarda

---

### **PUNTO 7.- EXPEDIENTE 179/2018.- PROCESO XUDICIAL DERIVADO DA INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO**

---

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de 24 de xaneiro de 2018 comunicando a sentenza ditada o 12 de xaneiro de 2018 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo n.º 106/16 entablado por POALLO, S.L. contra a resolución presunta do Concello de A Guarda e a posterior expresa da Alcaldía de A Guarda de data 12-4-2017 desestimatorias das reclamacións de responsabilidade patrimonial presentadas polo demandante pola anulación de licencia de obras para vivienda unifamiliar na suma de 534.184,61 € máis intereses.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica e acorda dar traslado á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente e acorda esperar a que dita sentenza sexa firme para determinar a quen corresponde pagar a cantidade obxecto de condena

### **PUNTO 8.-EXPEDIENTE 1762/2017.- DAR CONTA DO INFORME DA DIRECCION XERAL DE SEGUROS E FONDOS DE PENSIÓNS NO EXPEDIENTE 1352/2017.**

---

Dase conta do escrito do asesor xurídico do Concello de data 24 de xaneiro de 2018 Comunicando o informe emitido o 10-1-2018 polo Servicio de reclamaciones de la Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones no expediente n.º 1352/2017 tramitado a raíz de reclamación formulada polo Concello da Guarda solicitando o pago á Aseguradora Generali do importe de 79.199,28 € máis os intereses legais de dita cantidade que foi obxecto de condena ao Concello da Guarda mediante sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada con data 7-06-2016 no procedemento ordinario n.º 7313/2012 en concepto de responsabilidade patrimonial a favor da Entidade Mercantil POALLO, S. L. froito da reclamación formulada contra o Concello da Guarda o 23 de novembro de 2007 derivada da anulación de licenza de obras por sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do informe citado do 4 de xullo de 2017, dando traslado ao órgano competente para que acorde establecer a correspondente demanda civil contra a Compañía aseguradora GENERALI ESPAÑA. SA. DE SEGUROS E REASEGUROS reclamando o pago da cantidade de 79.199,28 €, máis os intereses legais desa suma que foron pagados á Entidade Mercantil POALLO, S. L. como consecuencia da indemnización a que foi condenado o Concello da Guarda por responsabilidade patrimonial, máis os intereses derivados daquelas dúas cantidades designado ao Letrado D. Carlos Potel Alvarellos, así como ao Procurador correspondentes ao partido xudicial onde se presente a citada demanda D. Óscar Vázquez Bugarín. No obstante, a Xunta de Goberno acordará o que estime oportuno.



## Concello A Guarda

---

### **PUNTO 9.- EXPTE. 2696/2017. SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA EFICACIA DAS TRES COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES N.º 27/2014, 27/2015 Y 17/2016 INTERESADAS POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN ARMONA. SOLICITANTE: D. EULOGIO ABELEIRA CABALEIRO. R.E. N.º 5864 DE DATA 21-12-2017**

---

Dase conta do escrito con RE 5864 de data 21 de decembro de 2017, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo a efectos de notificación na Avda. de Castelao, n.º 51-8ª de Vigo, solicitando a suspensión dos efectos das comunicacións previas de obras menores con números 27/2014, 27/2015 e 17/2016 por ser contrarias a dereito en virtude dos razoamentos expostos no corpo do escrito.

Dase conta tamén do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 1 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe-proposta do Asesor xurídico do Concello, acorda:

**Primeiro:** Inadmitir a solicitude de suspensión dos efectos das comunicacións previas o abeiro do disposto no artigo 154, xa que dito artigo samente contempla a suspensión das licenzas e ordes de execución, xa que logo as comunicacións previas so poden ser revisadas polo procedemento previsto no artigo 362 do Regulamento da Lei do Solo .

**Segundo:** Con carácter alternativo, e para o suposto de que o verdadeiro carácter do escrito presentado fora un recurso de reposición contra as comunicacións previas relacionadas nos feitos primeiro a terceiro, **inadmitir o devandito recurso por ser extemporáneo.**

**Terceiro:** Notificar o acordo o Sr. Abeleira Cabaleiro con indicación dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo.

### **PUNTO 10.- EXPEDIENTE 2388/2017. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

---

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCURRENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 8 novembro de 2017, Dna. C.G.Á. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a C.G.Á. .



## Concello A Guarda

---

### ACORDO

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

### PUNTO 11.- EXPEDIENTE 155/2018. BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DE AUGA POR CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

RE n.º 48 de data 16 xaneiro 2018, instancia presentada por D/Dª T.L.E. con DNI -----679D e domicilio en R/ 1º TRANSVERSAL RODA, 6 36780 A Guarda

Asunto: Solicitud de bonificación na ctoa da taxa de auga do inmovible situado en R/ 1º TRANSVERSAL RODA, 6 por ter a condición de familia numerosa.

Vista a instancia presentada por D/Dª T.L.E., examinada a documentación aportada e tendo en conta que:

A ordenanza fiscal reguladora dos servizos de distribución de auga no seu artigo 7 apartado B).1 regula que: “ os suxeitos pasivos que gocen de condición de familia numerosa de calquera categoría, terán dereito a unha bonificación que consistirá en aplicarlles ós m<sup>3</sup> de exceso ( se os houbese) a tarifa reducida aplicable ós m<sup>3</sup> considerados de consumo mínimo”. Así mesmo, o mesmo artigo no seu apartado 2 establece que “As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

- libro familia
- presentación do título oficial certificativo da condición de familia numerosa
- fotocopia do DNI

E no artigo 3 pon de manifesto que “a bonificación afectará á vivenda habitual do suxeito pasivo e extenderá os seus efectos por periodos dun ano, transcorrido o cal, o interesado renovará a súa solicitude, debendo acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, terán a obriga de presentar declaración de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións que ó efecto se leven a cabo polo concello.

Tanto as solicitudes da bonificación, como as comunicacións de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, surtirán efectos:

- no trimestre seguinte: en caso de entrada no rexistro na primeira metade do trimestre natural.
- no segundo trimestre posterior: en caso de entrada no rexistro na segunda metade do trimestre natural.

Por outro lado a mesma ordenanza identifica como suxeito pasivo da Taxa “as persoas físicas e xurídicas que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario”.



## Concello A Guarda

---

O solicitante aporta os documentos esixidos no apartado 2 da odenanza para Concello A Guarda para beneficiarse da bonificación arriba descrita na taxa de auga.

Por todo o exposto:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/INFORME:

**PRIMEIRO:** FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible 1º TRANSVERSAL RODA, 6 ( número de aboado 270714 ) para o 2º trimestre do 2018.

**SEGUNDO:** informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 13/06/2018 , incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

## **PUNTO 12.- EXPEDIENTE 2569/2017. BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS**

### PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DE AUGA POR CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación de auga por condición de familia numerosa e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 28 de novembro do 2017, D. I.F.P. presentou unha solicitude para a bonificación de auga por condición de familia numerosa

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiarioda bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

**PRIMEIRO:** FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible r/Praza San Benito, 2, 2º izda ( número de aboado 369002) para o 2º trimestre do 2018.

**SEGUNDO:** informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre 2019, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a



## Concello A Guarda

---

proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 13.- EXPEDIENTE 2512/2017. BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 22 novembro do 2017, Dna. A.M.G.C. con DNI núm. ----- 550-X presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro para o seu domicilio na rúa 1º transversal Netos, 21 de A Guarda

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 14.- EXPEDIENTE 172/2018. BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 23 xaneiro 2018, Dna. E.M.R. presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro para a súa vivenda situada na R/ Cal, 185 de A Guarda





## Concello A Guarda

---

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000 Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 15.- EXPEDIENTE 2513/2017. BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 20 novembro do 2017, Dna. R.G.J. con DNI núm. ----- 718-V presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro para o seu domicilio na rúa Laxe Grande, 11, 1º izda de A Guarda

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000 Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 16.- EXPEDIENTE 109/2018. BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DE AUGA POR CONDICIÓ DE FAMILIA NUMEROSA



## Concello A Guarda

---

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

RE n.º 40 de data 15 xaneiro 2018, instancia presentada por D/Dª M.ª C.A.F. con DNI -----009-Z e domicilio en R/ Manuel Álvarez, 6, 2º C, 36780 A Guarda

Asunto: Solicitud de bonificación na ctoa da taxa de auga do inmovible situado en R/ R/ Manuel Álvarez, 6, 2º C por ter a condición de familia numerosa.

Vista a instancia presentada por D/Dª M.ªC.A.F., examinada a documentación aportada e tendo en conta que:

A ordenanza fiscal reguladora dos servizos de distribución de auga no seu artigo 7 apartado B).1 regula que: “ os suxeitos pasivos que gocen de condición de familia numerosa de calquera categoría, terán dereito a unha bonificación que consistirá en aplicarllles ós m<sup>3</sup> de exceso ( se os houbese) a tarifa reducida aplicable ós m<sup>3</sup> considerados de consumo mínimo”. Así mesmo, o mesmo artigo no seu apartado 2 establece que “As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

- libro familia
- presetnación do título oficial certificativo da condición de familia numerosa
- fotocopia do DNI

E no artigo 3 pon de manifesto que “a bonificación afectará á vivenda habitual do suxeito pasivo e extenderá os seus efectos por periodos dun ano, transcorrido o cal, o interesado renovará a súa solicitude, debendo acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, terán a obriga de presentar declaración da variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións que ó efecto se leven a cabo polo concello.

Tanto as solicitudes da bonificación, como as comunicacións de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, surtirán efectos:

- no trimestre seguinte: en caso de entrada no rexistro na primeira metade do trimestre natural.
- no segundo trimestre posterior: en caso de entrada no rexistro na segunda metade do trimestre natural.

Por outro lado a mesma ordenanza identifica como suxeito pasivo da Taxa “as persoas físicas e xurídicas que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario”.

O solicitante aporta os documentos esixidos no apartado 2 da odenanza para Concello A Guarda para beneficiarse da bonificación arriba descrita na taxa de auga.

Por todo o exposto:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/INFORME:**

**PRIMEIRO:** FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible R/ Manuel Álvarez, 6, 2º C ( número de aboado 271675) para o 2º trimestre do 2018.

**SEGUNDO:** informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre do 2019, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as



## Concello A Guarda

---

circunstancias que orixinaron a súa concesión.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 17.- EXPEDIENTE 94/2018. SOLICITUDE DO RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA**

---

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR – DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 24/01/2018 da Xunta de Galicia aparece J.C.C. en lista de agarda con un grado III e 84 puntos, correspondéndolle 70 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle 31 horas mensuais por renuncia expresa da usuaria de utilizar ás 70 horas.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

- Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a J.C.C. con 31 horas mensuais.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.



## Concello A Guarda

---

### **PUNTO 18.- EXPEDIENTE 2660/2017. SOLICITUDE DO RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA**

---

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR – DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 10/01/2018 da Xunta de Galicia aparece J.V.G en lista de agarda con un grado II e 60 puntos, correspondéndolle 45 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle 22 horas mensuais por renuncia expresa da usuaria de utilizar ás 45 horas.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

- Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a J.V.C. con 22 horas mensuais.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 19.- INSTANCIAS VARIAS DE URBANISMO**

---

Dase conta do escrito E-RE-92 de data 15 de xaneiro de 2018, presentado por EVA MARÍA BAZ CERQUEIRA, con domicilio a efectos de notificación na rúa Ramón Franco, n.º 6-baixo (Local 5) do Rosal, xuntando comunicación de substitución de arquitectos na dirección facultativa da obra de construción de dúas vivendas unifamiliares na rúa 3ª Transv. Oliva, n.º 15 e n.º 17. Tamén se comunica a substitución na coordinación de seguridade e saúde na execución.

Datos dos arquitectos que substituen á anterior dirección facultativa:



## Concello A Guarda

---

Eva María Baz Cerqueira e Noelia Goce Vicente.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### **PUNTO 20.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES**

---

#### **EXPEDIENTE 2483/2017**

Vista a comunicación previa de obras maiores para reforma da planta 1ª e 2ª de edificación existente na rúa Pacífico Rodríguez, n.º 8, presentada por HOGAR 10, S.L., representada por D. Juan Antonio González Barbosa.

Visto o informe técnico do Arquitecto Municipal de data 28 de decembro de 2017 e informe xurídico do Asesor Xurídico Municipal de data 18 de xaneiro de 2018

a Xunta de Goberno Local ACORDA:

**PRIMEIRO.** Determinar que o título habilitante para realizar a obra solicitada é a licenza de obras e non a comunicación previa e que o Técnico competente para redactar o proxecto da obra pretendida e o Arquitecto e non o Arquitecto Técnico, requeríndo ó interesado HOGAR 10, S.L. con domicilio na rúa María Berdiales, n.º 18 de Vigo, para que no prazo de QUINCE DIAS seguintes a aquel no que reciba o presente subsane os dous defectos advertidos, baixo apercibimento de que será arquivado o procedemento.

